



A FESTA DOS MAIOS: O ciclo de Maio en Galicia



Todos os pobos primitivos e modernos, cunha tecnoloxía simple ou a nivel post-industrial, dispoñen durante o transcurso do ano civil, ou litúrxico, dun variado calendario de festividades populares; durante a súa celebración esas comunidades étnicas, sociedades, etc., intentan revivir determinados acontecementos sagrados ou profanos, sempre cheos dun fondo sentido para os membros dos grupos que as forman.

Para poder conmemorar esos grandes acontecementos da historia do grupo relativos á historia político, social, de salvación, ou para potencia-lo sentido asinado a todo un conxunto de elementos materiais -plantas, animais, alimentos, ou calquera outro elemento da natureza que se considera importante no desenrolo existencial do grupo-, os diferentes pobos viñeron adicado periódicamente un espazo temporal de un ou de varios días, durante os que o ciclo de vida ordinaria interrúmpese para centrarse na vivencia dese acontecemento ou feito concreto de especial significado para eles. Durante eses paréntesis festivos van ser prohibidas toda crase de labores habituales entre os membros da comunidade en festa, practícanse os rituales propios da festividade que se celebra, xúntanse os membros unidos por parentesco para participar en comidas máis soculentas que de costume, executáanse danzas, bailes, e outras representacións nas que se obxectiva a cultura da comunidade en cuestión.

A étnica galega -como os demais pobos de Europa-, veu festexando dende tempos inmemoriais a fin do inverno e a chegada dese bon tempo que tamén trae consigo o rexurdir e a frutificación dos vexetais. A orixe destes festexos pérdese na noite dos tempos. Cando tentamos poñer data ó comenzo destas manifestacións, o problema complicasenos cada vez máis porque nesta cuestión da orixe das festas da primavera, moi pronto a imaxinación pode campar ás súas anchas moi pouco estorbada polos feitos cientificamente demostrados.

A diversidade de opinións entre os etnógrafos, antropólogos, historiadores da relixión, e demais estudosos do tema, aínda hoxe sigue tan vixente como sempre. Mentras uns plantexan o seu nacemento na época neolítica, outros prefíren poñer a orixe destas celebracións na época clásica dos gregos e dos románs, e insistir en que son reminiscencias dos cultos que nesta época se ofrecen ós deuses do Olimpo que tiñan como protectores da agricultura, dos xardíns, dos cereais, etc.

En Galicia, non nos faltaron investigadores de recoñecido prestixio, que votaron man ó mundo celta para expricar a orixe destes rituais populares, que se practican á entrada da primavera -uns de carácter agrario, nos que se trata de arredar os perigos que poden sufrir as colleitas, os animais, etc.; outros de carácter lúdico nos que se pon de manifesto a ledicia polo renacemento anual da vexetación e da cíclica chegada da primavera, como é a celebración do "Día dos Maios".

XOSE ANTON FIDALGO SANTAMARIÑA

As representaciós do mes de maio

En termos xerais, esta "festa dos Maios" tivo tantos avatares e foi tan do gusto da xente que a pesar de haber conservado en todo o continente europeo –e aínda fora dél– unha grande homoxeneidade na súa estrutura e significado cultural, nos seus rasgos accesorios foron aparecendo concretas variacións, e fóronse desenrolando máis algúns dos seus rasgos a expensas de outros.

Fixándonos somentes naqueles datos máis sobresáintes que o folklore popular nos presenta desta festa de primavera, é moi fácil mostrar a maneira como o pobo se veu servindo de diferentes formas de representación do mes de maio, aunque todas elas íntimamente relacionadas co mundo vexetal, e co espírito desa vexetación que agora ve aflorar, do que o Maio preséntasenos como un símbolo.

O marxe dos chamados "Maios Artísticos" que aunque valoramos moi positivamente o gran despliegue de forza de traballo empregado na súa construción, e as dotes imaxinativas dos seus creadores, debemos deixar consinado que nada teñen que ver ca representación do mes de maio, e polo tanto "non son maios" no verdadeiro sentido da verba, aparécenos unha serie de castas de maios que podemos deixar reflexado así:

a) Mediante unha árbore chamada "Maio":

Trátase dunha costume existente en España e en parte de Europa, consistente en colocar o último día de abril ou primeiro de maio unha árbore moi adornada chamada "Maio" que nalgúns sitios déixanselle unhas ramas na copa.

En Galicia este árbore de maio –o Maio propiamente dito–, foise convertindo nun complicado armazón de madeira recuberto e adornado con materiais de tipo vexetal, que tódolos anos admiramos, o día tres de maio, nos espazos de festa habituais. Pero en outras áreas culturais do Estado español foi substituído por outras figuracións tales como:

–A "**Cruz de Maio**" ou Cruz Verde, que nas festas da cruz, o tres de maio, instalábanse nas rúas dos pobos andaluces en festa, especialmente en Granada, e arredor delas bailábase e cantábanse diferentes cantos de baile. Tamén datamos esta costume nalgúns pobos de Galicia, especialmente costeiros (Ferrol, Betanzos, Noia, Vilagarcía, Pontevedra, Tui); nalgúns poboacións mentras os maios eran propios dos rapaces, as cruces o eran das rapazas.

–O "**Árbore de San Xoán**": Costume datada etnográficamente por terras leonesas e que se refire a que nas noites derradeiras ó día de San Xoán e San Pedro, era costume que os mozos puxeran no centro da vila dúas vigas dereitas ás que chamaban maios, cun ramo no remate, e nalgúns ocasións un galo que se adxudicaría o que enganchando o alcanzase. Algo desto tamén o temos atopado en Galicia, especialmente nesta provincia de Ourense (pobo de Laza, que o clavaban na praza de A Picota; e de Entrimo, tendo aquí a característica de colgarlle un moneco chamado Maio).

–Un "**Varal de gran altura**" ou árbore descortezado, tamén nomeado "Maio", que se colocaba nos campos das festas nas festividades patronais dalgúns pobos asturiás, de Santander, Aragón, etc., para que presidira as festas e darredor do que se

cantaba e bailaba. Polo que se refire a Galicia, temos lido que en aldeas dos concellos de Teo, Ames, e Rois, o 30 de abril pola noite os mozos cortaban un pino, quitábanlle as ramas para que pesara menos, enganchábanlle silvas secas, toxos, etc., e clavábano nun sitio ben visible; á media noite xuntábase a xente nese lugar e púñanlle lume á vez que daban voltas darredor dél cantando: "Lume ó pan / lume ó pan / cada espiga seu toledán". Incluso hai quen quere facer derivar o Maio tradicional de Ourense e Pontevedra deste arbore adornado, que evolucionaría hasta esa actual figura piramidal ou cónica que á diferenza da árbore que quedaba crabada, ésta móvese o que permite cambiala de sitio.

b) Mediante un pelele ou moneco chamado "Maio"

Costume existente nalgúns comarcas palentinas consistente en colocar un varal ou poste longo, cun monigote ou pelele antropomorfo na súa cima, que se reviste e adorna á usanza da área cultural, ó que igualmente se lle chamaba "Maio". Colocábanse nas portas máis vistosas do barrio residencial, debendo permanecer nalgúns sitios, desde o día primeiro ó último día de maio en que se destruían e queimaban.

Neste caso trátase dunha simbiosis entre o mundo vexetal e o humán, representados no poste e no moneco respectivamente, rasgo que tamén atopamos na modalidade tradicional de representación dos nosos maios, na que unha persoa debía de introducirse dentro do armazón, ou "Maio", para canta-las coplas. Como alí, tamén nesta modalidade do "Maio" galaico –que ben merece ser rehabilitada– os reinos vexetal e humán atópanse imbricados.

c) Unha rapaza vestida de frores nomeada "Maia", rodeada doutras rapazas

Costume que nos aparece datada etnográficamente en varias áreas culturais de Andalucía, Castilla, Navarra, etc. Nestas zonas, aínda máis extendida cá festa dos Maios, estaba ésta da "Maia" na que as protagonistas son mulleres, rapazas ou nenas, e que comunmente se axustou á festividade da "Invenção da Santa Cruz" o día 3 do mes. A "Maia" acicalábase e adornábase con gusto, colocábase nunha especie de trono portátil e paseábase polo pobo, deténdose en determinados lugares donde se cantaban coplas alusivas ós homes e mulleres, ou a feitos e acontecementos ocorridos no pobo.

d) "Maios" e "Maias" conxuntamente:

Como nos mostran un conxunto de costumes que teñen por base o matrimonio de un mozo, o "Maio", cunha moza, a "Maia", ou dun grupo de mozos cun número proporcionado de mozas, ós que chaman "Maios" e "Maias", que nalgúns áreas culturais andaluzas practícanse o día de Santa Cruz, o tres de Maio.

As diferentes castes de maios que atopamos en Galicia temos que engadir outro aspecto moi importante da festa. E o das coplas. Nelas os participantes aproveitan a ocasión para facer unha crítica á forma de comportarse a xente do grupo, para crítica-lo goberno, as autoridades da vila e da bisbarra, etc. Todo elo por medio dun tipo de música e cantigas moi peculiar, propia da festa.

X. A. F.

As

O Santo Cristo celébrase o tres de maio, cando as flores xa despertan nos prados e os paxaros lanzan os seus primeiros cantos cara o sol que se esconde tímidamente tras das nubes. Significa, en primeiro termo, e como definición máis ampla, o renacemento, que se pretende sexa fecundo, da Primavera. Trátase dunha festa estacional, a xeito de Cantiga de Renacemento da Primavera que comenza a estoupar.

Os elementos principais da festa son: O **Adán** e a **Eva**, reis da festa, os **danzantes**, o **sacrificio de Isaac** e por último o **Maio**.

Preparación

Varios días antes da festa tan esperanda, tódolos mozos do pobo reúnen e entre todos vanen busca do maio; éste ha de ser o máis alto que atopan, para logo colocalo na praza da Picota. O maio representa a árbore típica da festa. Tamén uns días antes, os mozos xúntanse para elixi-la Eva, que ha de ser unha moza solteira e guapa. Isto terano no máis absoluto secreto, para que ninguén saiba quen irá de Eva ata o día da festa, cando a vexan salir da casa. Nun recuncho da Picota prepárase o sitio onde terá lugar a representación do sacrificio de Isaac.

As personaxes

O **Adán** normalmente ten que ser un home gracioso e con gran facilidade de facer rir a Eva, cousa que ésta non pode facer, pois dise que logo terá mala sorte. O adán soe ir vestido cun traxe de cor marela e marrón, que normalmente debe chegarlle ata os pes. A cabeza lévaa cuberta cunha coroa dourada. Leva unha eixada ó lombo para indica-lo traballo que Deus lle impuxo cando pecou no Paraíso, tamén

Sobre o sinific

As diferentes castes de Maio descritas, tanto hu-más como (cando de Maio fai unha persoa cuberta de follaxe e frores) como figurativos (cando de Maio fai unha figura construída e recuberta de ramaxe, musgo, flores, etc.), atópanse todas elas –xa se dixó– íntimamente relacionadas co mundo vexetal, e todas parecen ser portadoras dun sempre igual e único mensaxe para tódolos que o queiran e sepan percibir.

En tanto que práctica popular, está orientada a ensalza-la natureza esplendorosa que agora flora. En realidade, tanto esta celebración dos "Maios", como todos estes rituais populares de primavera entre os que se atopan a costume, lembrada por Murguía de "alumear o pan" o día 29 de abril, ou a de bendecir os campos desde os adros das iglesias parroquiais, colocar cruces nas portas das cortes feitas de loureiro bendecendo o Domingo de Ramos, poñer ramos nas portas das casas, carros, e máis modernamente en tractores e coches, non só xurden espontaneamente como expresión dos últimos sentimentos propios do modo do ser dun pobo e grupo practicante, sinon que ese pobo, por medio de estas ceremonias

Festas do Maio en Laza

Leva unhas follas de figueira colgando ou unhas frores, que representan o primeiro vestido que tiveron.

A **Eva** vai vestida cun traxe branco ou azul ata os pes, cinguido na cintura cun cinto. Luce tódalas xoias posibles: Pendentes, collares, anelos... Leva colgado no brazo esquerdo unha cestiña con laranxas, que representan o froito do Paraíso.

O **Adán**, acompañado dos músicos e dos danzantes, van buscar a Eva á casa da Encarna, onde se está preparando. As escaleiras están adornadas cunha fermosa alfombra de frores.

A vestidura dos **danzantes** é: Uns zapatos negros, uns calcetíns brancos, uns pantalóns brancos ata os xionllos e unha camisa da mesma cor, cunha banda cruzada dende o hombro ata o outro lado da cintura de cor azul. Na cabeza levan unha gorra branca cunha cinta bermella colgando. A súa función dentro da procesión é bailar tocando as castañolas ó son da música, diante do Santísimo e da Virxe. Os danzantes representan ó rei David que bailaba diante da Arca da Alianza.

A procesión continúa ata o sitio onde se representa o sacrificio de Isaías. Os personaxes máis importantes que interveñen nesta pasaxe bíblica son:

- O **Anxo**, vestido de branco cunhas ás.
- O **Isaac**, que é un neno cun mangado de leña ás costas. Representa a Xesús coa cruz subindo o Monte Calvario.
- O **Abraham**, que é un home con barbas vestido cunha túnica e cun pano na cabeza.
- O **año**.
- O **predicador**, que é o que narra os feitos da pasaxe bíblica.

A loita de mouros e cristiáns

Rematada a procesión, e antes de mete-lo Santo

Cristo e a Virxe na Igrexa, os danzantes representan unha loita entre os mouros e os cristiáns. Entablan o seguinte diálogo:

Cristián

Animo soldados míos
que nadie pierda el aliento
que vamos a defender
el Divino Sacramento.

Mouro

A rigor de ésta mi espada
tengo que ganar la batalla
o la muerte será mía
o la victoria ganada.

Cristián

Si tienes la confianza
en Mahoma que es tu dueño
pronto verás tu rigor
abatido por el suelo

Mouro

Si tienes la confianza
en el que está en el altar
preparate cristiano
que vamos a pelear

O rematar esta representación éntrase na Igrexa e ó finaliza-la misa a xente acompaña a Eva e a Adán ata a casa de onde saíron pola mañá.

Despís de comer hai festa e unha banda ponse a tocar na Picota. Ninguén pode bailar mentras non baile o Adán e a Eva, que é a moza máis solicitada da festa. As próximas pezas correspóndenlle bailar os danzantes coa Eva e seguidamente tódala xente empeza a bailar para anima-la festa. Hai a creenza de que a Eva casarase antes dun ano.

S. BLANCO e ROSA M. GONZALEZ
(8º de EXB, C.P. "O Castiñeiro" de Laza)

Facer un maio

As distintas fases de construción dun maio poden ser:

- 1º.- Elección do tema a representar.
- 2º.- Construción do esqueleto.
- 3º.- Recollida do material.
- 3º.- Decoración.

Elección dun tema: Consiste en escoller o tema que se queira representar e facer o boceto onde se calculan as medidas. Nesta elección xa se inclúe a diferenza entre os "**Maios Enxebres**" (son as tradicionais pirámides, cruceiros, etc...) e os "**Maios Artísticos**" (aqueles que representan monumentos ou estampas e momentos da vida cotidiana).

Construción do esqueleto: Faise con listós de madeira, dándolle as formas das liñas principais da figura a realizar, sempre tendo en conta dúas partes diferenciais: A base (na que se inclúe os pes de apoio i as barras que sirven para transportar o Maio) e a que forma a figura.


Nos artísticos ó non constar só de liñas rectas utilízanse trozos de tea que coséndooos se lle da a forma deseada. Toda a superficie exterior cúbrese logo con tea de saco e cósesse ós listós. Esta tea ten a finalidade de ser o soporte ó que se cose o musgo.

Recollida de material: Dous días antes váise o campo con cestas e caixas de madeira para recoller o musgo, carrabouxos, xestas, flores, etc...

O musgo se recollerá en capas o mellor posible tratando que sexa o máis limpo e escollendo os tons de color que se desexa. Colocarase con coidado para o transporte.

Decoración: O musgo será colocado con coidado, cosendo a tela despacio e con xeito, de forma que quede toda a superficie cuberta. Este cosido faise sobre todo o musgo co fin de que non se desfaga. A continuación complétase colocando rosarios de carrabouxos, flores, etc. e na parte inferior cólganse ramos de xestas para disimular os pes.

JESUS BAILON RODRIGUEZ



ndo cultural da festa dos Maios

e ritos agrarios, case sempre de tipo propiciatorio, trata de honrar e pedir a ese numen (esprito) da primavera, igual que ós seus espíritos campestres, e a tódalas divindades e forzas espirituais protectoras dos vexetais salvaxes e domesticados (cereais), a súa potencialidade protectora da calquera tipo de mal que lles poda sobrevivir.

Trátase dunha celebración popular de carácter agrario que nos aparece por todo o continente europeo, e que o "intente" cristianizador foina asociando o día en que a Igrexa celebra a festividade da "Invención da Santa Cruz". Pero en tanto que vello ritual popular, o seu sentido orixinario ben seguro que era outro; iba encamiñado a asegura-lo desenvolvemento das prantas, dos animais, con papel importante na subsistencia e vida do grupo, e das boas colleitas, ou sea, un ritual de fecundidade para poñer a ben e pedir benxóns ós espíritos da vexetación que agora vémolos despertar do seu letargo invernal.

¡Vello ritual! Ancestral práctica ésta do "día dos Maios", que vemos obxectivados nesas esbeltas figuras que se erguen no mesmo corazón da cidade de

Ourense, para desde alí chegar mellor ós actuais espíritos protectores. Para moitos cidadáns, si cadra esos espíritos deixaron de consistir nos dos Deuses, santos e demais divindades da Cohorte celestial, para empezar a consistir nos das Asociacións de protección da Natureza, e de todos aqueles humanos que velan día a día por conservar dentro das millores condicións para os membros da especie humana, a nosa terra, o ar, e o noso mar.

Quenes aínda practicamos e desexamos seguir practicando esta enxebre costume de colocar un Maio no espacio da festa e de canta-las coplas conforme ós usos e sons establecidos desde vello, deberíamos poñernos a obriga de velar tanto pola continuidade desta enraizada celebración popular, como polb seu modo de desenrolala, que deberíamos de preservar de calquer tipo de innovación inxusta ca tradición cultural e inqueданzas do grupo étnico que nola conservou e transmitiu, ou que nos impida chegar a percibir e comprender a súa propia mensaxe cultural.

X. A. F.

TIRA

Festa na escola: "Os Maios"

O soño dun mestre:

"Unha escola onde os nenos disfrouten aprendendo, onde o traballo sexa diversión; onde a formación sexa festa, e a festa formación...".

Son varias as ocasións a través do curso escolar nas que podemos tomar como centro de interés unha festa. E na súa preparación, cabe traballar e desenrolar importantes obxectivos para a educación dos nosos alumnos, que levará consigo o total desenrolo da persoa do neno.

Son ocasións apropiadas para escapar do traballo rutinario, da rixida dos libros de texto, para realizar unha actividade máis creativa, participativa e motivadora para os alumnos, evitando o aillamento das aulas e realizando un traballo de equipo no que pode tomar parte a comunidade escolar nenos-profes no nivel e medida das súas posibilidades, evitando a competitividade.

Arredor dunha festa o neno pode desenrolar tódalas áreas que abrangue a súa formación. Suliñando algúns obxectivos:

- Coñecer, investigar buscando as raíces de nosa cultura.
- Coñecemento do entorno aprendendo a ama-la nosa realidade cultural.
- Desenrolo da imaxinación e da capacidade creadora.
- Planificación, formación de equipos para efectuar saídas, recolleita de datos, confección de traballos.
- Nomear responsables, coordinadores de equipo entre os mesmos alumnos.
- Educación do neno na socialización e no traballo en equipo, inculcando o respecto ós máis lentos e fomentando o espírito de colaboración e non de competición.
- Estímulo da creatividade da expresión en tódalas facetas.
- Desenrolo da expresión artística, gosto estético e da habilidade manual.

-Coñecer e interpretar textos populares, cantigas, danzas, acompañamento instrumental, etc.

-Buscar bibliografía, textos literarios relacionados co tema...

Mediante a festa tan nosa dos Maios, temos unha oportunidade para traballa-los obxectivos expostos. Algunhas actividades suxeridas:

- Sair ó campo, recolleita de flores silvestres, cocas de carballo, musgo, etc.
- Preparación de todo o material que se precisa para confecciona-lo "Maio".
- Compoñer coplas, cantigas, etc.
- Recoller e interpretar coplas de outros autores.
- Confeccionar colares e adornos de flores, de carrabouxos...
- Deseño e debuxo de motivos ou modelos para confección do "Maio".
- Coser, cortar, clavar, calcular proporcións, medir, etc.
- Calcula-lo custe do material que teña de ser mercado: Madeira, clavos, tea de saco, agullas...
- Facer unha reportaxe gráfica sobre o tema: Debuxos, descripción escrita da festa, confección dunha revista monográfica sobre "Os Maios" ou un número do xornal escolar, tomar diapositivas ou vídeo no que actúen os nenos como redactores e narradores...
- Consultar bibliografía sobre o tema.

Unha festa é sempre a expresión do nivel de cultura que posúe un pobo. Unha festa na escola, vivida e traballada polos nenos en toda a súa dimensión, é unha actividade motivadora, creativa e rica, na que poden estar implicadas tódalas áreas da aprendizaxe e os obxectivos a acadar para conseguilo desenrolo da personalidade do alumno.

Unha escola onde se colabora nun tema común, convertida nun gran obradoiro de múltiples oficios, onde hai paz, relax, música e traballo gozoso; os soño dun mestre pode ser unha realidade: O aprendizaxe é realmente unha festa...

MARIA SAUDE. Maio 89

NOVAS

-O **Servicio Municipal de Educación** do Concello de Ourense presentou o seu programa de actividades do segundo semestre: orientación escolar, educación ambiental, colonias, saídas e acampadas, accións de apoio á comunidade escolar, etc.

-Con motivo do **Día das Letras Galegas**, no **I. B. Otero Pedrayo** estrenarase a obra "Asamblea de Mulleres" de Aristófanes, sobre unha adaptación de Alberto Miralles. A obra será representada polos estudantes do centro e está coordinada polo Seminario de Galego.

-O Gabinete de Estudio para a Reforma Educativa acaba de presentar o **Deseño curricular de Ciencias da Natureza**, para a secundaria obligatoria (ciclo 12-16).

-A **Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia** vai celebrar en Ribadavia, os días 12-14 de Outono do presente ano, o II Congreso dos Ensinantes das Ciencias. A organización anima aos docentes interesados nesta temática a que presenten as súas experiencias antes do 1 de setembro. Máis información: Xabier Carreira, I. B. de Ribadavia.

-Segundo coas actividades previstas para o Día das Letras Galegas, no **I. B. Otero Pedrayo** se convoca un **Concurso Literario** de poesía e prosa escritos en galego, e un **Certame Científico**, convocatoria moi novedosa, no que se pode participar con traballos científicos en soportes tais coma posters, cómics, vídeos, montaxes fotográficas, disquetes, etc., quedando excluídos os traballos que se presenten en formato escrito.

-Nos días 8 ao 12 de maio terá lugar o **III Curso de Antropoloxía Social de Galicia**, baixo o tema "Con-

flicto e marxinação social na sociedade actual. o curso está organizado pola Area de Antropoloxía Social do Colexio Universitario e polo Ateneo de Ourense. A asistencia é libre e gratuita. Aquelas persoas que queiran contar coa carpeta con material do curso e o diploma acreditativo de asistencia, deberán inscribirse no Ateneo ou transferir á C. C. número 3453 da Caixa de Aforros Provincial de Ourense 800 pesetas (estudantes e parados 400 pesetas).

-O **C. P. de padrenda** publicou o núm. 2 da revista **Xermolara**, confeccionada polas alumnas/os de 8º de E. X. B. Nela inclúense noticias, entrevistas, opinións sobre o antroido, deportes, poesía, debuxos, pasatempos, etc.

GARABULLINO



LIBROS

Manual de creatividade

MAURO RODRIGUEZ ESTRADA
Editorial Trillas. México, 1985

O doctor Mauro Rodríguez, autor de numerosos libros publicados en Europa e México, aborda nesta obra, "Manual de creatividade" o alcance e o papel que a creatividade xoga nas nosas vidas.

Como o seu nome indica, con este libro pretende ofrecer un manual de reflexión sobre os conceptos básicos da creatividade un medio para alcanza-los impulsos creativos que dalgún xeito quedaron inibidos en cada individuo.

Pode resultar moi útil para aqueles profesores que pretenden acadar unha ensinanza que potencie o desenrolo da creatividade.

O mesmo tempo que clarifica conceptos, dende un punto de vista optimista e imaxinativo, o autor trata de xerar nas persoas a inquietude e capacidade para acometer un cambio en orde a establecer unhas plantexamentos máis creativos.

Os obxectivos básicos que pretende esta obra, según manifesta o seu autor son:

- Quedar sensibilizados á importancia do tema e a necesidade de asimilalo e difundilo.
- Coñecer e saber analizar os principais mecanismos de creatividade humán.
- Distingui-las etapas do proceso creativo.
- Identifica-la área ou áreas da propia creatividade.
- Abri-la mente ás ideas alleas.
- Desenrolar modos ricos e dinámicos de percepción sensorial.
- Aprender a asociar e combinar ideas según modos novos.
- Coñecer e manexa-la dinámica da creatividade en equipo.
- Impulsa-lo grupo de alumnos para que actúe como "tanque de pensamento" capaz de producir ideas que resolvan problemas das respectivas empresas e institucións.

-Democratiza-lo concepto de creatividade. O longo do libro destácase a idea de que todo ser posúe o poder de crear, pero quen non se adestrou para pensar e crear, está exposto a quedar ó marxe deste proceso, o cal significa unha perda para o individuo e para a sociedade en xeral.

Considera a creatividade como unha constelación de rasgos psíquicos, intelectuais e caracteriolóxicos inherentes a todo ser humán e susceptible de educación e desenrolo.

Cada capítulo consta de dúas partes: Unha de carácter expositivo e outra de carácter práctico. Moitas das prácticas propostas requiren a participación a nivel de grupo.

Ainda que os obxectivos plantexados resultan un tanto ambiciosos para unha obra tan reducida, convén suliñar que a sensibilización ante o tema amplamente conseguida aportando ricas e variadas alternativas creadoras para por en práctica na escola.

OLGA GOMEZ GONZALEZ

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

